

Lugar Aula de Cultura Xulio Cuns  
Entradas Adultos 2 €

### Nenos e nenas de balde

Cada nena ou neno debe de vir acompañado dunha persoa adulta como máximo debido á limitación da capacidade da sala derivada da situación de crise sanitaria actual.

## → Pavillón Lino


compañía Caramuxo Teatro

sáb.

**5**

18:00 h

idade **+5**  
45 min.



Este espectáculo nace para homenaxear o desaparecido Pavillón Lino da Coruña, espazo cultural de estética modernista dedicado a todo tipo de actividades artísticas, teatro, cine, baile, monicreques, cómicos, autómatas... Unha trepidante comedia de variedades pola que desfilarán unha morea de pintorescos personaxes: os auténticos autómatas; os monicreques de cachiporra; Monquina "a gorila bailarina" e como non, Charito de Mera e a súa pulga. Un espectáculo cunha coitada posta en escena para gozar en familia.

"Nomeado o Mellor Espectáculo Infantil nos Premios María Casares 2017"

## → Trogloditas

compañía Tanxarina

sáb.

**12**

18:00 h

idade **+5**  
50 min.



Tres trogloditas convidánnos a entrar no primeiro teatro a prehistoria. A cova, onde imos asistir a un cómico espectáculo cheo de humor e tolería. Da man dos Monicreques e das súas primitivas habilidades imos coñecer a singular forma de vida dos nosos antepasados máis divertidos.

Unha sorprendente ambientación, a orixinal linguaxe e unha prehistórica escenografía farán que o espectador perda durante a representación o sentido do tempo e do aburrimiento.

## → The Show Moscón


compañía Galitoo

sáb.

**19**

18:00 h

idade **+2**  
50 min.




Circo ambulante de "varietés", presentado por un moscón gordo e repoludo. Un maravilloso circo, representado por un armario que abre as súas portas para mostrar os diferentes números que se atopan no seu interior.

Dentro do noso armario, poderemos desfrutar de verdadeiras divas da canción, absurdos números musicais, arrepiantes magos e mentalistas, increíbles bebés equilibristas, maravillosos números de danza e un sen fin de humor...



decembro/2020



## → A nena e o grilo máis aló

compañía Magín Blanco

sáb.

**26**

18:00 h

idade **+3**  
60 min.

A nena e o grilo esmagan sen querer á súa amiga Xertrude a araña... Buscando un xeito de devolverlle a vida atópanse cuns artistas ambulantes que os guiarán a través da maxia e da música ao país dos mortos onde tentarán atopar a Xertrude para traela de volta.

"A Nena e o grilo máis aló" é unha historia divertida e evocadora que nos transporta ás buscas máis insólitas... Que pasa logo da morte?



Organiza



Concello de Betanzos

Copatrocinan



XUNTA DE GALICIA



Deputación DA CORUÑA

AGADIC



Agencia Galega das Industrias Culturais

GADIS



No concello de Betanzos cremos que o Nadal é tempo de regalar, divertirse, imaxinar... por iso, e porque nos gusta reciclar e reutilizar, aquí tes este teatriño moi, pero que moi, betanceiro.

Instrucións:

1. Recorta pola liña de puntos o interior do teatriño e este lateral do folleto.
2. Ata un cordón entre dúas cadeiras (pero antes pídelles permiso aos teus pais) e colga o folleto/teatriño con dúas pinzas da roupa.
3. Recorta os personaxes pola liña de puntos.
4. Pega un paliño pola parte de atrás do personaxe cun fiso. Serviráche de mango.
5. Comeza a función.

NANIÑO PÉNEZO BOO



A RAÑA DA FESTA



O LEÓN DO PASATEMPO



O DEMO DA DANZA



O CAN DE SAN ROQUE



Organiza



Concello de Betanzos



Copatrocinan



Avencia Galega das Industrias Culturais



Lembra que podes recortar e reutilizar este cartel e convertelo nun xogo. Ti invéntas a historia. Reutilizar é outra forma de coidar o medio ambiente.



Podes sacarlle unha foto ao folleto e enviar un wasap, un email... para que os teus amig@s se divirtan nestas tardes de teatro.